



**ACTA NÚM. 2 DA SESIÓN DA MESA CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS MUNICIPALES VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS.**

EXPTE.: 2022/C004/000002

LUGAR: Casa do Concello, Camariñas

DATA: 30/08/2023

En Camariñas, sendo ás 11:07 horas do día 30 de agosto de 2023, na Casa do concello, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 24 de maio de 2023, estando presentes os seguintes membros:

**Presidente:**

D. Sergio Caamaño Fernández, concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente, Emprego e Administración Xeral.

**Vogais:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Castro Pena, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> María Emilia García Maneiro, Interventora da Corporación.

D<sup>a</sup> Alicia Queiro Pérez, Técnica Económico Financeira da Corporación.

**Secretario:**

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito á Secretaría.

É obxecto da reunión, de conformidade coa orde do día da convocatoria, a apertura e análise/estudo/exame da documentación presentada polos licitadores ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ e MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. para atender ao requirimento de emenda da documentación administrativa do sobre A efectuado por esta Mesa no expediente de contratación mediante procedemento aberto harmonizado, tramitación ordinaria, dous lotes, do **“SERVIZO LIMPIEZA DE EDIFICIOS MUNICIPALES VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS”**, así como da adopción dos acordos que procedan e, se procede, a apertura do sobre B “Referencias técnicas. Criterios no evaluables de forma automática”.

Dada a presenza do presidente como do secretario da mesa, así como das tres vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte:

**ORDE DO DÍA:**

**1º.- SUBSANACIÓN.**

A Mesa de Contratación en reunión celebrada en data 10/08/2023 acordou requirir aos licitadores ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ e MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. para que no prazo de tres días hábiles subsanen diversas deficiencias existentes na documentación administrativa do sobre A presentada por estes licitadores.

Tras o acordo adoptado por esta Mesa de Contratación, en data 11/08/2023 se notificou a ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ e MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U., a través de notifica.gal, os correspondentes requirimentos de subsanación e se procedeu á publicación da correspondente acta da sesión onde se adoptou o acordo na Plataforma de Contratación del Sector Público (perfil do contratante), polo que o prazo concedido aos licitadores para a subsanación de deficiencias rematou o día 17/08/2023.

Segundo consta no expte de contratación resulta que:

- O licitador ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ presenta en data 16/08/2023 dentro do prazo outorgado ao efecto, por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Camariñas e con sinatura electrónica, documentación para atender ao requirimento efectuado.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

- O licitador MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. presenta en data 16/08/2023 dentro do prazo outorgado ao efecto, por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Camariñas e con sinatura electrónica, documentación para atender ao requirimento efectuado.

Así pois, en atención ao exposto, a Mesa de Contratación procede ao exame/estudo da documentación presentada polos licitadores ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ e MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U., resultando que os licitadores presentan a seguinte documentación:

1. ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ (NIF: 76366448P)

- Certificación da Axencia Tributaria emitida en data 11/08/2023 na que se certifica que o licitador a data de 18/07/2023 se atopaba ao corrente das súas obrigas tributarias.

2. MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. (CIF: B70380019) presenta:

- Escrito da empresa indicando a documentación que presenta.
- Poder notarial de D. Adolfo López Baña no que confire poder de representación da entidade a D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez expedido polo notario D. Javier Castromil Dotras.
- Certificación Registral expedida por D. Antonio Gelabert González registrador Mercantil de A Coruña na que figura D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez como apoderada da entidade.

Por parte da secretaría da Mesa de Contratación a petición da presidencia dáse lectura aos requirimentos de subsanación realizados ás empresas os cales constan na correspondente acta de data 10/08/2023.

Así, pois, vista a documentación presentada polos licitadores ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ e MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. para atender ao requirimento de subsanación efectuado por esta Mesa, a Presidencia somete a votación a admisión/exclusión do procedemento das ofertas presentadas por ditos licitadores, nos seguintes termos:

### **1º.1.- ADMISIÓN/EXCLUSIÓN NO/DO PROCEDEMENTO DA OFERTA PRESENTADA POR ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ.**

Visto que tras o acordo adoptado por esta Mesa de Contratación, en data 11/08/2023, se notificou a ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ, a través de notifica.gal, o correspondente requirimento de subsanación nos termos que constan na correspondente acta.

Visto que o citado licitador en data 16/08/2023, dentro do prazo outorgado, presenta de conformidade a documentación requirida consistente en: Certificación da Axencia Tributaria emitida en data 11/08/2023 na que se certifica que o licitador a data de 18/07/2023 se atopaba ao corrente das súas obrigas tributarias.

É polo que á vista dos fundamentos anteriormente expostos a Mesa de Contratación por unanimidade dos membros presentes, en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, ACORDA:

**Único.-** Admitir, de conformidade con establecido no art. 140.4 da LCSP a oferta presentada por ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ.

### **1º.2.- ADMISIÓN/EXCLUSIÓN NO/DO PROCEDEMENTO DA OFERTA PRESENTADA POR MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.**

Visto que tras o acordo adoptado por esta Mesa de Contratación, en data 11/08/2023, se notificou a **MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.**, a través notifica.gal, o correspondente requirimento de subsanación nos termos que constan na correspondente acta.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Visto que o citado licitador en data 16/08/2023, dentro do prazo outorgado, presenta de conformidade a documentación requirida consistente en: Poder notarial de D. Adolfo López Baña no que confire poder de representación da entidade a D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez expedido polo notario D. Javier Castromil Dotras e Certificación Registral expedida por D. Antonio Gelabert González registrador Mercantil de A Coruña na que figura D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez como apoderada da entidade.

É polo que á vista dos fundamentos anteriormente expostos a Mesa de Contratación por unanimidade dos membros presentes, en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, ACORDA:

**Único.-** Admitir, de conformidade con establecido no art. 140.4 da LCSP a oferta presentada por MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.

### **2º.- ACTO DE APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO B “REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA”.**

Unha vez resolta definitivamente a admisión e exclusión de licitadores, a continuación o secretario da Mesa procede ao descifrado e apertura dos sobres ou arquivos electrónicos B “Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática” e previa a comprobación/valoración das pestanas, “validación”, “datos xerais” e “contido”, procédese á descarga da documentación presentada a través da PLCSP polas empresas licitadoras admitidas na licitación, isto é:

NÚM.	LICITADORES	NÚM. IDENTIFIC.
1	ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ	76366448P
2	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	B33687765
3	MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.	B70380019
4	RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L.	B70545967

Á vista do exposto e de conformidade co disposto na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, a Mesa de Contratación por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

**Único:** Dar traslado do presente acordo e da documentación presentada no sobre B “Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática” polas empresas admitidas na licitación aos asesores que figuran designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/05/2023 para que se proceda, no prazo máximo de sete días hábiles, á valoración das ofertas presentadas e a emisión do correspondente informe.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación, polo que se autoriza esta con a firma da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia, dando esta última por finalizada a sesión.

V<sup>o</sup> e Prace,  
O PRESIDENTE,  
D. Sergio Caamaño Fernández

O SECRETARIO,  
D. Victorino Nión Carril